ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 29.06.2013

Nas dependencias do "Hotel Ciudad de Vacaciones Monte do Gozo" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 29 de xuño de 2013, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretario a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificación dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2013/14, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2013/14, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2012.

7. Aprobación do Orzamento de Exercicio 2013.

8. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

9. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 16,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 22 asembleístas, e informa que según os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dis Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:

O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Seguimos inmersos na crise económica, pero os equipos galegos están dando exemplo do bo facer.

Area de Adestradores:

O presidente mostra a súa preocupación pola ensinanza os nenos e significa que dende esta área estanse a preocupar por este tema. Dende os 5 cursos de iniciación realizados, estase a facer fincapié neste tema.

No referente aos niveis I e II reitera que a FGB continua apostando polo formato da concentración nunha única sede, flexibilizando así o acceso a estes cursos. Con 50 alumnos no I nivel e 20 no segundo, o presidente cualifica como positivo o panorama neste 2012. Chegamos a un acordo co Colexio Peleteiro para celebrar aquí estes cursos.

Tamén quero agradecer os clubs Fedesa e Cluny por deixar as instalacións para o desenrolo dos cursos en anos anteriores.

Creouse o "Aula Formativa do Adestrador" en estreita colaboración co Obradoiro CAB, na que se celebraron diversas charlas formativas.

Area de Seleccións :

Indica que as mesmas tiveron a oportunidade de volver a representar a Galicia nos Campionatos de España: os xogadores e xogadoras minis e infantis viaxaron a Cádiz no recente mes de abril onde desempeñaron un satisfactorio papel. Pola súa banda, lembra que a expedición galega infantil e cadete asinou a súa participación no nacional celebrado en Zaragoza

Quero agradecer os xogadores polo se comportamento ca selección. Pero tamén quedar dar as grazas pola xestión e planificación realizada polos diferentes clubs galegos, e á súa colaboración para coa FGB, os combinados autonómicos puideron participar do Programa Técnico da FGB e dos Campionatos de España coa mellor das garantías.

Programa de baloncesto de base:

Incorporamos no mes de outubro a Carlos Colinas para facerse cargo da área deportiva da Federación. Os seus primeiros pasos foron encamiñados a harmonizar e tratar de facer entender o traballo do baloncesto de base.

Se organizou a "Xornada de Harmonización do Minibasket" para que todos os estamentos que colaboran nel, clube, arbitros, pais, directivos... etc, poideran dar a súa opinión sobre a categoría cantera do baloncesto galego.

O Presidente fai unha revisión sobre esta área e informa que nesta temporada dentro do Programa de Tecnificación (Cetis) realizáronse ao longo de toda a xeografía galega un total de 59 convocatorias zonales e 2 autonómicas, diversificando os obxectivos entre a promoción do Baloncesto en zonas nas que a súa práctica non está arraigada e as tarefas de tecnificación con xogadores xa federados. Primordialmente están dirixidos a nenos/as mini e premini.

De manera especial, o presidente remata este apartado salientando a importancia que tivo o "3x3" a FGB organizou o B3 Escolar-La Caixa e o B3 Universitario durante esta temporada. Apostaremos por esta modalidade sobre todo nas áreas de escasez de nenos/as para

Area de Competicións:

O Presidente reflexiona sobre os diferentes aspectos que as competición depararon nesta temporada 2012 – 2013, a cal, indica, desenvolveuse coa normalidade desexada por todos.

As Ligas FGB nas súas diferentes divisións foron asentándose a medida que avanzaron as súas fases temporais. Así mesmo, vivimos un incremento positivo do número de licenzas nestas competicións con respecto á pasada.

Salienta, con respecto ás competicións vixentes, que este ano seguirase co mesmo deseño de competicións, incorporando as Fases Previas, tal e como solicitaron os clubs na pasada Asemblea da FGB

Non quere esquecer de lembrar a frutífera temporada que os clubs galegos realizaron dentro das competicións da elite do Baloncesto Nacional a pesar dos seus limitados orzamentos, impostos polos actuais recortes.

En masculino, fai referencia á clasificación para o Play-Off por parte do Obradoiro CAB, eloxiamos o traballo de xeito especial e queremos dar a noraboa ao C.B. Xuventude por acadar o ascenso a Adecco Prata, quedando Campión da Liga EBA.

Tamén quero felicitar polo seu bo facer os equipos de LF'2, e Adecco Oro.

Igualmente, recoñece os bos resultados, tanto organizativos como deportivos, colleitados nos diferentes Campionatos de España de clubs como síntoma de que a base tamén está moi viva.

Así mesmo, expresa o seu desexo de que todo este rendemento deportivo global dos clubs poida vir acompañado no futuro máis próximo dun escenario económico que os axude a seguir desfrutando do gañado na pista.

Árbitros e Auxiliares

O Presidente realiza unha somera análise do traballo do Comité Galego de Árbitros, parcela da FGB que proseguiu a súa carreira co obxectivo de avanzar, coa normalidade e a efectividade requiridas, no que a formación e control das competicións se refire.

Seguiremos pelexando pola mellora da calidade do árbitros galegos.

Area Económica

Dentro da area económica o presidente salienta que se trata este dun punto moi importante tal e como está a situación económica neste momentos. Indica que as institucións recortaron considerablemente as súas achegas, o que nos obriga a tomar unha serie de medidas correctoras que, obviamente irán en prexuízo dalgunhas actividades que temos, as cales ou ben se reducirán ou ben se deixarán de facer.

Nestes intres, prosigue o presidente, a porcentaxe destas subvencións oficiais supón un montante dun 15% sobre o total do orzamento da Federación. Trátase dunha porcentaxe que baixou considerablemente xa que fai anos movíase en torno ao 28%.

O presidente salienta que e de destacar o esforzo do equipo directivo que está tratando de suplir esta baixada de ingresos co busca de sponsors e de empresas privadas que axuden a potenciar, fundamentalmente, o deporte de base.

O Presidente quere poñer en coñecemento dos asembleístas que dende o ano 2008 a baixada dos ingresos da Federación procedentes das Institucións Oficiais e dun 50%. No 2008 os ingresos por este concepto eran de 350.000 € e neste presente ano serán de 150.000, cuestión que nos está obrigando a recortar gastos de xestión considerables.

O déficit que recollen as contas irá contra o fondo de reservas da federación, para evitar a repercusión ós clubs.

Igualmente,sinalar a importante colaboración que nestes intres nos está aportando "la Caixa", entidade coa que mantemos un fluído contacto.

Unha vez máis, sinala Francisco Martín, a Federación non é allea ao escenario económico xeral, no que están xa disparadas todas as alarmas, e precisamente temos ben presente e vixente o necesario control do gasto. Igualmente viñemos traballando, e seguiremos a facelo, coa máxima de reactivar a nosa xestión e rendabilizar ao 100% os nosos recursos actuais.

Finalmente, e para rematar, o presidente amosa a súa gratitude para cos auténticos protagonistas deste deporte: clubs, técnicos, xogadores, directivos, árbitros e oficiais de mesa. Sen o seu compromiso para co Baloncesto, o traballo como Federación sería farto difícil de levar a cabo. Tamén agradecer os pais dos nenos que estiveron nos programas da FGB, o seu comportamento foi exemplar.

Expresa tamén o seu agradecemento ao bloque de traballo que configura o día a día da FGB. Camiñando sempre en equipo, percibiremos entre todos un mellor futuro para a xestión do noso baloncesto.

Non quero despedirme sen facer unha lembranza especial a Felipe Suárez, xa que deixa a radio, e

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver no Informe da FGB que se lle entregou a tódolos asistentes. Nel resume os éxitos dos árbitros galegos tanto a nivel internacional como las fases finais das competicións FEB. Asímesmo iforma dos seguintes puntos:

- Crecemento do número de licenzas, como caso excepcional nun 111% na delegación de Ferrol.
- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España teñen unha media de 21 anos.
- Aumento actividades técnicas.
- Colaboración con diversos clubs en convivencias e asistencia de árbitros en formación.
- Organización xunto ca Area Deportiva no Campionato Cadete dun foro de debate sobre a incidencia das Regras de Xogo no deporte de base.
- Integración coa Area de Saúde da FGB.
- Contestación a tódolos escritos identificados dirixidos o comité.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada. Decicimos articular as delegacións cun Responsable Deportivo Zonal (RDZ) que é a prolongación do Diretor Deportivo; dentro desta area esta a Coordinadora da Area Deportiva e os técnicos FEGABA (selecionadores galegos, adestradores becados, colaboradores...).

As competencias da área deportiva son:

1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
2.- As selecciones autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
3.- Area adestradores: preparación cursos, formación contínua, profesorados etc.

Os RDZ teñen as seguintes funcións:

1.- Realización e control dos CETIS
2.- Realización dos cursos de Iniciación
3.- Parte non presencial dos cursos de adestradores.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de 59 Cetis de Captación e de promoción, cunha participación de casi 2.728 de nenos/as.
- Realización de 3 Cetis autonómicos, só de categorías Infantil e Minibasket, 357
- Preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 40 xornadas de trabajo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas.
- Reunións cos pais/nais por parte da Area de Salud e da Area Deportiva nas sete delegacións.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 5 de iniciación, e os de Nivel I e II cun total de 70 alumnos.
- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador" en colaboración co Obradoiro, cun total de 12 charlas técnicas. Tamén se fixeron acordos puntuales con diferentes clubes.
- Nueva normativa para os cursos de iniciación (baixamos a idade de participación a 16 anos) e se introduzo a parte non presencial.
- Priorización da promoción e desenrolo do Minibasket: Xornada de Harmonización, Pequebasket, B-3 Escolar-La Caixa.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2013/14, aprobados pola Comisión Delegada.

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día, conxuntamente coa convocatoria de esta asemblea, se lles enviaron as emendas propostas polos Clubs.
Pasamos a debatir as enmendas:

Art. 62 do Regulamento Xeral.
Emenda que presenta D. David Guillán Riveiro coa intención de modificar o artigo indicado. Defende a mesma o enmendante.

Procédese á votación da mesma, a cal rexistra o seguinte resultado:
Votos a favor: 1
Votos en contra: 10
Abstencións: 6
Rexéitase a emenda presentada.

Art. 118 do Regulamento Xeral
Emenda que presenta o C.B. Cluny para modificar o artigo indicado. Defende a mesma o representante na asemblea do citado club D. José M. Castelao Figueiras.
Procédese a votación de mesma que rexistra o seguinte resultado:
Votos a favor: 3
Votos en contra: 15
Abstencións: 4
Rexéitase a Emenda presentada.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2013 -2014 , aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa a os asistentes das emendas que se van a debater na asemblea e das cales teñen coñecemento todos os asembleístas:

Art. 1.9.
Emenda que presenta o Club Artai. Para substituír ao artigo indicado que fai referencia a cotas de dilixenciamento de licenzas. Retira a mesma o seu representante na mesma D. Jorge López Mosquera.

Art. 1.12
Emenda que presenta D. David Guillán Riveiro coa intención de modificar o artigo indicado. Defende a mesma o enmendante.
Procédese á votación da mesma, a cal rexistra o seguinte resultado:
Votos a favor: 3
Votos en contra: 9
Abstencións: 9
Rexéitase a emenda presentada.

Art. 5.5., 10.6, 12.6, 14.6, 16.6, 18.6, 20.6 C.B. Artai
Emenda que presenta o Club Artai a través do se representante D. Jorge López Mosquera, e informa a retirada da primeira parte da enmenda.

A segunda parte da enmenda que trata de engadir unha eliminatoria para determinara o Campión das diferentes categorías dende a 4ª división ata as 2ª divisións junior, cadete e infantil e asumida pola Comisión Delegada da FGB.

Esta enmenda apróbase por unanimidade.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2012

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2012 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditada, e informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2012. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Non existen emendas ás contas indicadas. Igualmente. Sométese a votación este apartado co seguinte resultado:

Votos a favor: 21.
Votos en contra: 0
Abstencións: 1

Quedan **aprobadas as** contas do exercicio 2012.

8.- Aprobación do Orzamento de Exercicio 2013.

O Tesoureiro explica aos existentes en que van a consistir os orzamentos de ingresos e gastos de cara a tempada 2013/2014. Incide na dificultade que entraña esta tarefa debido a crise económica que todos estamos a padecer e da que o deporte non está exento.

Comunica que se van a seguir recortando os gastos, tal e como se fixo no exercicio do 2012 e tamén fai fincapé na dificultade de encontrar ingresos económicos privados, o que dificulta levar a cabo o total das actividades que desexamos.

Indica que se vai procurar levar a cabo as actividades xa programadas, así mesmo confirma que está previsto que se nivelen os gastos e ingresos sen que se produza quebranto algún para a Federación.

Procédese á votación do orzamento para o exercicio 2013 co seguinte resultado:
Votos a favor: 21
Votos en contra: 0.
Abstencións: 1
Queda **aprobado** o orzamento para o exercicio 2013.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2013/2014 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Procédese á votación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación:
Votos a favor: 17
Votos en contra: 0
Abstencións: 3

9. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Iníciase a primeira rolda:

José M. Castelao Figueras, representante do C.B. Cluny quere que quede constancia da felicitación as dúas áreas deportiva e arbitral e a parte administrativa da Federación

Luis Barbeito representante do Ferrol CB, pregunta o Director Deportivo da Federación se pode argumentar o porque do 4x4 en Premini, Carlos Colinas apúntalle que básicamente dentro da preocupación por querer avanzar en determinadas situacións da competición pero sobre todo en canto o desenrolo do neno/a en canto o aprendizaxe das súas habilidades. Cremos que utilizar o 4x4 na categoría premini beneficia en canto a utilización dos espazos que moitas veces en situacións de 5x5 teñen problemas de habilidades técnicas por ter pouco espazo. Como todo o que se fai por primeira vez terá un período de adaptación, non buscarmos unha fórmula máxica, sino como un proceso que aprendizaxe que chegará logo o 5x5.

Francisca Estévez, representante do C.B. Seis do Nadal solicita a máxima prudencia na xestión económica da Federación , para que os clubes non teñan que soportar máis gastos, e logo tamén quere que nas fases finais zonais de minibasket e preminibasket se entreguen medallas a todos los nenos. D. Alberte Zato, pon no seu coñecemento que todas estas fases as que se refire son fases previas dos Campionatos, polo que non se entregan medallas mais que nas fases Finais; un pouco tamén para ter esa prudencia que solicita na primeira parte da súa intervención.

O Presidente da FGB Francisco Martín, quere deixar constancia de que no ánimo da Xunta Directiva da FGB está o xestionar de forma óptima os recursos cos que conta, e o déficit que aparece nas contas da Federación precisamente vai contra as reservas da mesma e non repercute nos clubs. Quere deixar constancia tamén de que parte deste déficit ven de asumir unha parte das arbitraxes das categorías infantil, mini e premini, para que sigan sendo gratuítas para os clubs.

Rosa Mª Martínez Montes representante do C.B. San José de la Guía solicita información sobre a reglamentación referente os niveis dos terreos de xogo. A Secretaria informa sobre que a asemblea da FGB da temporada pasada facultó a Federación para fixera un informe e o presentara a Comisión Delegada para que esta a su vez aprobara a reglamentación dos terreos de xogo de cara a temporada 2013-14. O pasado xoves día 27 foi aprobada esta reglamentación que será remitida e exposta na Web da federación www.fegaba.com a partir do vindeiro luns. Posteriormente publicarase o Nivel onde se vai poder xogar en cada campo. D. Alberte Zato informa que unha vez publicados os niveis dos campos aqueles que queiran solicitar información sobre a súa validación poderán facelo a través das delegacións; asimesmo as validacións poden ser cambiadas si se solucionan os problemas que poidan existir para a estar incluídos nun nivel u outro.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.07 hrs. do día da data, da que eu
como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

C.B. Arcade (Alberte Zato y Gómez de Liaño)
C.B. Artai (Jorge López Mosquera)
Basquet Base Club (Juan R. Arufe Miguens)
C.B. Celtas (José A. Sama Díez)
Obradoiro CAB (José Rivera Rodríguez)
C.B. Cambre (José A. Martínez Arias)
C.B. Seis do Nadal (Francisca García Estévez)
C.B. San José de la Guía (Rosa Mª Martínez Montes
C.B. Vedruna (Julio Feijoo Pardo)
C.B. Universitario Ferrol (Leopoldo Ibáñez Santiago)
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)
C. Ferrol Baloncesto (Luis Barbeito García)
C.B. Compañía de María Vigo (Angeles Liboreiro Ramos)
C.P. Maristas Lugo (Rubén Engroba Cabo)
Francisco Martín Micó (Presidente)
Carlos Colinas Morán (Adestradores)
Francisco M. Guillamet Noya (Árbitros)
Juan C. Sánchez Feijoo (Árbitros)
David Guillán Riveiro (Arbitros)

Patricia Díez Cabaleiro (Xogadora)
Pablo Alonso Prieto (Xogador)
José Manuel Villamarín Couto (Outros Colectivos)